



**O ALCALDE DE NIGRÁN AMÓSALLE "IN SITU" O DETERIORO DO ECOSISTEMA DUNAR DE PANXÓN AO DELEGADO DA XUNTA EN VIGO**

**López-Chaves comprometeuse a trasladar o problema ao ente autonómico e buscar a un experto para propoñer unha solución adecuada**

**Este compromiso súmase á petición do rexedor ao vicepresidente da Xunta e da que aínda non obtivo resposta**

**Nigrán, 18/02/16.-** O alcalde de Nigrán, Juan González, aproveitou a presenza do delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, para amosarlle "in situ" o deterioro do ecosistema dunar de Panxón e Praia América. López-Chaves puido comprobar de primeira man os estragos que está a causar o cambio do curso do río Muíños no areal e adquiriu o compromiso de comunicar á Xunta o impacto que está a sufrir este espazo natural, así como intentar buscar a un experto para detectar de onde vén o problema e propoñer unha solución adecuada.

"Este compromiso vén reforzar a determinación do Concello de Nigrán por intervir canto antes para frear a degradación do sistema dunar", afirma González. A vontade do delegado territorial súmase á petición que o rexedor realizou ao vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, hai máis de quince días e da que aínda non obtivo resposta.

"O noso propósito é facer entender á Xunta de Galicia que é necesario realizar actuacións urxentes no areal, xa que o seu deterioro non cesa e o chanzo entre a praia e o espazo dunar agrávase cada día máis, sobre todo, cando hai chuvias intensas na localidade", expresa o rexedor.